

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA UN DE SETEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. M^a JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día un de setembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día nove de agosto do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 1.374/11 de dona M^a Graciela Torres Porto e don Daniel Liste Martínez.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicitan modificación da licenza 2010/008/000023 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Vilar, segundo o contido do proxecto técnico presentado redactado polo arquitecto don Camilo Neira Picón, visado con data do 29 de xullo de 2011, cun orzamento de 176.006,16 euros, e que modifica o presentado para a concesión da licenza inicial.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a modificación da licenza solicitada nos termos do novo proxecto, manténdose as restantes condicións do acordo la licenza 2010/008/000023 concedida segundo acordo da Xunta de Goberno de data 22 de xuño de 2011.

2º.- Así mesmo, acórdase á vista da nova liquidación do imposto e da cantidade ingresada inicialmente por ese concepto, a devolución do importe resultante da diferenza

entre as liquidacións do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, da licenza 2010/008/000023 e esta licenza.

2.2.- Instancia núm. 1.278/11 de don Jorge López Gómez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun galpón, situado en San Pedro, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta, planta B, altura máxima de cornixa menor a 7,00 mts, coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo proxecto presentado redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 6.000 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construírse de acordo co proxecto presentado, en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co contorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais segundo o disposto na documentación presentada para o efecto (276 m2).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento vinte euros (#120,00#)

2.3.- Instancia núm. 1.407/11 de dona Olga Albela Lema

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dun galpón consistente en repicado de fachadas, encintado, revoco e substitución de tella por uralita e tella e colocación de fiestra, situado en Rozadela, en solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente. Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. As cores a utilizar na fachada serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais existentes. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica.

En cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e cinco euros con sesenta e cinco céntimos (#65,65#)

2.4.- Instancia núm. 1.385/11 de don Adrián Parada García.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para canalización de abastecemento soterrado baixo cuneta de camiño público, en Socastro.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba. Sinalizarase a obra e adoptaranse as medidas de seguridade precisas para evitar danos a terceiros.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e oito euros con trinta céntimos (#28,30#)

2.5.- Instancia núm. 1.440/11 de don Antonio Martínez Neira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para construción de cerramento de aproximadamente 14 m de lonxitude, en Galegos.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

A distancia mínima para o cerramento será o linde co vial. Garantirase o natural discorrer das augas e, en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios. En cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a pedra será do país. A altura máxima total do cerramento será de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e tres euros con cincuenta e sete céntimos (#43,57#)

2.6.- Instancia núm.980/11 de don Jesús López Ferradáns.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para rehabilitación de vivenda consistente en cambiar a tella existente, en Sete, en solo cualificado como de Núcleo Rural e incorporada no catálogo municipal de elementos suxeitos a protección coa numeración B-32, segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente. Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento

da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. En cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e dous euros con oitenta e catro céntimos (#22,84#)

2.7.- Instancia núm. 1.421/11 de don José Canedo Barreiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Coruña, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda consistente en cambio de tellado de aprox. 96 m2 e pintado de fachadas, situado en Pazos, Santa Cruz de Ribadulla, en solo rústico de protección de augas (R-5).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente. Deberase manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e a cor utilizada nas fachadas será branco ou tons suaves acordes co contorno.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oito euros con sesenta e oito céntimos (#108,68#)

2.8.- Instancia núm. 1412/11 de Don Jesús Manuel Santos Ares

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para proceder á segregación e agrupación das leiras nº. 205 e 211 de concentración parcelaria de Vedra, situadas no lugar de Fufín, parte en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) e parte en solo rústico de protección de augas (R-5), afectando a parcelación só á zona cualificada como de núcleo rural segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de segregación e parcelación das citadas leiras nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#)

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

3.1.- Escrito núm. 1.277/11 de OVIGA, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en nome e representación de Oviga, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da

obra *Senda peonil e ampliación de acceso á igrexa de San Miguel de Sarandón, incluída no POS 2009*.

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4º.- Outros asuntos

4.1.- Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar.

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 29 de xullo de 2011, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2011, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 157/11, do 18 de agosto)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria elaborada para o efecto para a prórroga do AEDL municipal.

4.2.- Escrito núm. 1.335 do Consello Territorial do Catastro de Galicia.

Dáse conta do citado escrito presentado polo Presidente do Consello Territorial do Catastro de Galicia, no que solicita a proposta dun Concello cuxa poboación de dereito sexa igual ou inferior a vinte mil habitantes, como representante das entidades locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

A Xunta de Goberno acorda propoñer de entre os candidatos para representar as entidades locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria ao Concello de Dodro.

4.3.- Escrito núm. 1.332 de Seguridade A-1.

Dáse conta do escrito remitido pola empresa Seguridade A-1 coa que o concello ten contratado o sistema de seguridade en varios edificios municipais, no que nos informan das novas Ordes Ministeriais 314/2011, 316/2011, 317/2011 e 318/2011, do 1 de febreiro de 2011 que modifican o Regulamento de Seguridade Privada, que entran en vigor dende o 19 de agosto de 2011.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de agosto do ano que andamos, pola que se publica a lista definitiva de candidatos admitidos á praza de técnico informático mediante a modalidade contractual de obra ou servizo a tempo completo durante seis meses para impartir cursos de informática, a designación dos membros da mesa de selección e data, hora e lugar de celebración do proceso de selección.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de agosto do ano que andamos, pola que se dá conta do cumprimento de trienios dos traballadores Manuel Fernando Lobato Cutrín (1º), María Belén González Gestoso (4º) e Fernando Faya Martínez (1º).

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ó fío das vinte e dúas horas e trinta minutos.